

Prezadas nais e pais:

De acordo co establecido na lexislación vixente van ter lugar **eleccións** para representantes das nais e pais no **Consello Escolar**.

Estas eleccións son moi importantes, dado que o Consello Escolar é o órgano de **participación no goberno** do centro dos diferentes membros da comunidade educativa, tamén das nais e dos pais.

Instrucións para participar nas eleccións:

- **Poden votar** todas as nais e pais (os dous) ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro.
- **Son elixibles** todas as nais, pais ou titores/as legais, para o cal cómpre que se presenten como candidatos/as.
- Tanto para votar como para presentar a candidatura é preciso estar inscrito no **censo electoral** (pódense presentar reclamacións na secretaría do instituto no prazo fixado).
- Nesta ocasión **élíxese 1 representante das nais e pais**, e outro é escollido pola ANPA (se quedase deserto, elixíranse 2).
- O voto será **secreto, directo e non delegable**, igual que sucede, por exemplo, nas eleccións municipais ou autonómicas.
- Para votar, cómpre **acudir ao centro e identificarse mediante o DNI** ou outro documento acreditativo equivalente.
- Pódese votar por un máximo de 1 nome.

Datas e prazos das eleccións:

Mércores 7 a venres 16 de novembro (ata as 14 h)	<input checked="" type="checkbox"/> Publicación provisional dos censo s dos sectores educativos citados. <input checked="" type="checkbox"/> Prazo de presentacións de reclamacións ao censo , que rematará o venres 16 de novembro ás 14:00 h. Presentaranse na secretaría do centro dirixidas á Xunta Electoral. <input checked="" type="checkbox"/> Prazo de presentación de candidaturas . Presentaranse por escrito na secretaría do centro en formulario disposto a ese efecto.
Luns 19 de novembro	<input checked="" type="checkbox"/> Proclamación e publicación de candidaturas. Apertura do prazo de reclamacións , que é de 2 días naturais. <input checked="" type="checkbox"/> Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións. <input checked="" type="checkbox"/> Sorteio público da designación dos membros das mesas electorais .
Martes 20 a venres 23 de novembro	<input checked="" type="checkbox"/> Campaña electoral nos diferentes sectores.
Luns 26 de novembro	<input checked="" type="checkbox"/> Realización das VOTACIÓNS : -Nais, pais e titores legais, de 11 a 13:30 h e de 15:30 a 18 h.
Mércores 28 de novembro	<input checked="" type="checkbox"/> Proclamación de candidatos/as electos.